Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO

Módulo: Técnicas elementais de preelaboración

Índice

1. Identificación da programación....2
2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles....2
3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas....3
3.1 Actividades de recuperación....3
3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)....4
4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado....4
5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo....4

1. Identificación da programación

Centro educativo						
Código	**Centro**			**Concello**		**Ano académico**
15016000	Compostela			Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo						
Código da familia profesional	**Familia profesional**	**Código do ciclo formativo**	**Ciclo formativo**		**Grao**	**Réxime**
HOT	Hostalaría e turismo	CBHOT01	Cociña e restauración		Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario
Código MP/UF	**Nome**		**Curso**	**Sesións semanais**	**Horas anuais**	**Sesións anuais**
MP3034	Técnicas elementais de preelaboración		2019/2020	5	175	175
MP3034_12	Aprovisionamento de materias primas e preparación de equipamentos			5	55	55
MP3034_22	Preparación de materias primas			5	120	120
Profesorado asignado ao módulo	Alejandro Rodríguez Lois					

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles

.

Aprovisionamento de materias primas e preparación de equipamentos
RA1 - Aprovisiona e distribúe materias primas, interpretando documentos afíns á produción e instrucións recibidas

CA1.3 Cubriuse a folla de solicitude seguindo as normas preestablecidas
CA1.4 Seleccionáronse os produtos tendo en conta a prioridade no seu consumo
CA1.5 Comprobouse a coincidencia de cantidade e calidade do solicitado co recibido
CA1.8 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria.

RA2 - Prepara maquinaria, batería, utensilios e ferramentas, tendo en conta a relación entre as súas aplicacións básicas e o seu funcionamento

CA2.1 Caracterizáronse as máquinas, a batería, as ferramentas e os utensilios relacionados coa produción culinaria
CA2.3 Realizáronse as operacións de posta en marcha das máquinas seguindo os procedementos establecidos
CA2.4 Realizáronse as operacións de preparación e mantemento da maquinaria, da batería, dos utensilios e das ferramentas

Técnicas elementais de preelaboración e Preparación de materias primas
RA1 - Realiza operacións previas de manipulación identificando e aplicando os procedementos básicos de limpeza e cortes elementais, de acordo con normas establecidas e instrucións recibidas.

CA1.1 Identificáronse as necesidades de limpeza e preparacións previas das materias primas.
CA1.2 Relacionáronse as técnicas elementais coas especificidades das materias primas, as súas posibles aplicacións posteriores e os equipamentos, as ferramentas e/ou os utensilios necesarios.

CA1.3 Realizáronse as tarefas de preparación e limpeza previas ao corte, utilizando correctamente equipamentos, utensilios e/ou ferramentas, seguindo os procedementos establecidos.
CA1.4 Cumpríronse as medidas de seguridade no manexo de utensilios e ferramentas.
CA1.5 Caracterizáronse os cortes básicos e identificáronse as súas aplicacións ás materias primas.
CA1.6 Executáronse as técnicas de cortes básicos seguindo os procedementos establecidos.
CA1.8 Realizáronse todas as operacións tendo en conta a normativa hixiénico-sanitaria.

RA2 - Realiza e obtén cortes específicos e pezas con denominación, identificando e aplicando as técnicas e os procedementos adecuados ás materias primas, de acordo con normas establecidas e instrucións recibidas.

CA2.1 Relacionáronse as técnicas elementais coas especificidades das materias primas, as súas posibles aplicacións posteriores e os equipamentos, ferramentas e/ou utensilios necesarios.
CA2.2 Realizáronse as tarefas de preparación e limpeza previas ao corte, utilizando correctamente equipamentos, utensilios e/ou ferramentas, seguindo os procedementos establecidos.
CA2.4 Caracterizáronse as pezas e os cortes específicos, relacionando e identificando as súas posibles aplicacións ás materias primas.
CA2.5 Executáronse as técnicas elementais de obtención de pezas e/ou cortes específicos seguindo os procedementos establecidos.
CA2.6 Desenvolvéronse os procedementos intermedios de conservación tendo en conta as necesidades das materias primas e o seu uso posterior.

As Unidades **UD 5, UD 6 ,UD 7, UD 8 e UD 9** non foron desenvolvidas ate o 13 de marzo do 2020 polo que non serán tidas en conta neste curso 2019 2020

A nota da 3ª avaliación será a media da 1ª avaliación (50 %) e a 2ª avaliación (50 %).
Na terceira avaliación os alumnos repasarán os temas xa dados e faremos exames que poden ser de diverso tipo:, test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación de cada unidade didáctica dada.
Aqueles alumnos que xa tiñan a avaliación positiva poderán facer probas tipo test para mellorar a nota de calquera das avaliaciones realizadas, e no caso de ser superior sustituir a anterior para facer media

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

3.1 Actividades de recuperación

As actividades de recuperación dos alumnos con avaliacións non superadas serán a realización a través da Aula Virtual dunha proba que terá dúas partes:.

1º Proba tipo test que se valorará nun 50 %

2º Proba. Un traballo dun caso práctico tamén dun 50 % na que entrarán unicamente os conceptos dados nas avaliacións non superadas.

No caso de que se poda volver as aulas antes do fin de curso as probas serán presenciais.

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

As actividades de recuperación dos alumnos con avaliacións non superadas serán a realización a través da Aula Virtual dunha proba que terá dúas partes:.

1º Proba tipo test que se valorará nun 50 %

2º Proba. Un caso práctico por escrito valorado nun 50 % na que entrarán unicamente os conceptos dados nas avaliacións non superadas

No caso de que se poda volver as aulas antes do fin de curso as probas serán presenciais.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado

O grupo seguirá a educación a través da Aula Virtual do Instituto onde vamos subindo materiais e onde o profesor comunícase co alumnado. Os alumnos farán probas tipo test e entrega de traballos durante esta 3ª avaliación cos materiales que xa teñen na Aula Virtual, únicamente daqueles que entraron na primeira e na segunda avaliación.

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

Tal e como se establece na lexislación vixente ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizou unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que tivo por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.
Para este módulo elaborouse durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementou cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.
Detectáronse necesidades especiais de atención ao alumnado matriculado neste módulo, polo que se acordou que as probas conceptuais se fixeran preferentemente tipo TEST de preguntas con respostas alternativas, para facilitarlle ao alumnado a identificación e resolución do cuestionario dun xeito mais doado e igualmente eficiente. Tamén se tivo en conta o tempo de execución do cuestionario, asinándolle o suficiente sen límite.

En esta situación de confinamento a avaliación dos alumnos con dificultades educativas fanse con exames tipo test e a parte práctica (traballos escritos) poderán ser feitos na casa e logo entregados ao profesor nas avaliacións ordinarias e nas recuperacións. Fanse pola Aula Virtual ou presencialmente en caso de volver as aulas.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

D. Alejandro Rodríguez Lois